
Letras galegas

Oficio e destreza estilística

ARMANDO REQUEIXO

Cabalos do demo e outros invertebrados, de Isidro Novo, é o libro de relatos cos que a coruñesa Editorial Trifolium bota a andar a súa colección *Litterae*.

O de Lugo reúne aquí cinco textos escritos para diferentes conmemoracións ou a petición dalgún xornal. Todos agás o conto co que se abre o libro, que é xustamente o que lle dá nome, distinguido no seu día no Certame Manuel Murguía de Narracións Breves.

Cinco relatos, cada cal do seu xorne. Cinco historias xunguidas, unicamente, polo fío do fantástico. Do resto, variabilidade absoluta: dende o relato longo ata o minirrelato, do texto fabulístico ao conto de terror, da ambientación peregrinatoria ao erótico demoníaco.

Oficio, destreza estilística e inesgotable repertorio léxico demostran estes textos, de lectura ora témera (velaí o horror foleano de meigas, lobicáns e posuídos de *Cabalos do demo*) ora sorprendente por fantástica (así nas aventuras de sombras do ultramundo que reflicten *O voyeur e a dama intanxíbel* e *Unha asombrosa sombra*) ora de fatal e inesperado desenlace (como no silandeiro asasinato de *Vostede siga ben, señor Fiscal*) ora de enxeñosa reescrita metaliteraria (*O lobo daquela Caparuchiña*).



**Cabalos do demo e
outros invertebrados**

ISIDRO NOVO

Ed. Trifolium
Oleiros, 2010
PVP. 15 euros